



C O N C E L L O

D E

36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

BASES DA CONVOCATORIA “CAMPUS DE VERÁN ”

1.- CONTIDO

O Concello de Salvaterra de Miño organiza o “Campus de Verán” coa finalidade de proporcionar actividades de carácter educativo, lúdico e facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

O Campus será dunha temática, e cada quincena realizaremos todas as actividades sobre esa temática, (pallasos, xogos de azar, xogos de puntería, espectáculo de acrobacia, artesanía, xogos populares, deporte etc.)

2.- NÚMERO DE PRAZAS:

O número de prazas coas que conta o “Campus de Verán” é de 65 prazas por quenda (que cumpran os puntos 3.1 e 3.2 destas bases), das cales 1 será reservada para emerxencia social, e 2 para nenos/as con necesidades especiais (que cumpran o punto 3.3 destas bases), que contarán como 4 das prazas.

3.- PERSOAS DESTINATARIAS, REQUISITOS:

3.1 Poderán solicitar a súa participación no “Campus de Verán” os nenos e nenas nados entre os anos 2012 e 2020.


3.2 Ter capacidade de integración nun grupo así como poder participar e beneficiarse das actividades que se van a desenvolver.

3.3 As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver (pto. 3.2 xeral), o que deberá ser acreditado mediante informe médico ou educativo.

3.4 O incumprimento dos requisitos sinalados neste punto impedirá a participación da persoa solicitante no campamento.

4.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

O campamento desenvolverase no C.E.I.P Infante Felipe de Borbón, Salvaterra de Miño.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

5.- DATAS E HORARIOS

O campus de verán desenvolverase do 1 de xullo ao 30 de agosto de luns a venres en horario de 9:00 horas ás 14:00 horas.

Daráselle a opción de aula madruga e comedor no caso que o precisen, e así poder proporcionar uns horarios para poder conciliar dun xeito adecuado a vida laboral, sempre cun mínimo de nen@s que cubran o servizo. Estes servizos estarán xestionados pola empresa concesionaria.

O horario será 7:30h. a 9:00h. da aula madruga e do comedor 14:00h. a 16:00h.

Nas solicitudes pódese elixir quincena , mes ou dous meses.

6.- INSCRICIÓNS

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 21 de maio e rematará o día 28 de maio.


As solicitudes poderán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Salvaterra (de luns a venres en horario de 9:00 horas a 14.00 horas) ou a través da Sede Electrónica (concellodesalvaterra.sedelectronica.gal) en calquera hora ou día durante a vixencia do prazo de inscrición. **Deberán realizar un rexistro por nen@.**

Os formularios de inscrición poden recollerse no departamento de Cultura do concello (de luns a venres de 9:00 horas a 14:00 horas) ou descargarse na páxina Web municipal www.concellodesalvaterra.org

7.- PREZO

Os prezos públicos para o “Campus de Verán 2024” serán os seguintes:

Tarifa xeral	
“Campamento de Verán” quenda	60 euros
“Campamento de Verán” mes	120 euros



C O N C E L L O

D E

36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

TARIFA BONIFICADA

- Bonificación: As familias numerosas terán dereito a unha bonificación do 25%. (non acumulables con outras bonificacións).
- Bonificación: Coa inscrición de dous fillos, o/a segundo/a terá dereito a unha bonificación do 10%.
- Exención: Gozarán da exención deste prezo público os/as menores que no seu caso sexan derivados polo Departamento de Servizos Sociais deste Concello.

8.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, adxudicaranse as prazas por orde de rexistro, tendo prioridade os/as nenos/as que teñan o seu empadroamento no concello de Salvaterra (ou familias monoparentais que un dos proxenitores estea empadroado no concello) o padrón será revisado polo persoal do concello, con pais traballadores en horario de mañá ou a quendas que traballen de mañá, con pais que realicen un curso de formación en horario de mañá, as familias monoparentais, e os pais que traballen en horario nocturno, xa que a finalidade do campamento é a conciliación familiar (estas circunstancias haberán de ser acreditadas segundo consta no punto 9 destas bases), .

9.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN

- **Solicitud de inscrición. No caso de parellas divorciadas/separadas coa firma de ambos proxenitores.**
- **Fotocopia de tarxeta familia numerosa (se é o caso)**
- **Certificado de empresa con horario de traballo dos dous proxenitores para o campamento 2024, (con selo e sinatura da empresa ou contrato de traballo coa vida laboral). Se no caso de que un dos proxenitores, está facendo un curso, aportarse o certificado polo centro de formación co horario selo e sinatura.**
- **Para as familias monoparentais:**
 - ✓ Documento oficial acreditativo da súa situación: sentenza xudicial de separación/divorcio ou xustificación de interposición da demanda de separación/divorcio.
- **No caso de persoas con discapacidade**
 - ✓ Certificado acreditativo do grao de discapacidade e punto 3.3 das bases .
- **Outra documentación**
 - ✓ Documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

10.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección será o seguinte:

- ✓ Publicación dunha listaxe provisional de admitidos/as por entrada de rexistro o 4 de xuño , no taboleiro de anuncios do Concello, e na páxina Web do Concello e redes sociais, co nome e apelido.
- ✓ Emenda de erros e/ou falta de documentación e presentación de reclamacións do 5 de xuño ao 7 de xuño.
- ✓ Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos que seguirá a orde que resulte da entrada por rexistro: o día 11 de xuño no taboleiro de anuncios do Concello, e na páxina Web do Concello, e redes sociais, co nome e apelidos do neno aceptado.

En función das baixas que se produzan na actividade os/as nenos/as accederán ao campamento seguindo a orde na que figure na lista o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico.

- ✓ Confirmación da praza co pago da matrícula no número de conta que se facilitará xunto coa listaxe o día 11 de xuño ata o día 17 xuño. Deberase ademais remitir o xustificante de pago do importe da actividade ao concello mediante correo electrónico (animacion@concellodesalvaterra.org) ou presencial. No caso de non aboarse o importe no prazo sinalado entenderase como unha renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da entrada por rexistro.


11.- RENUNCIA DE PRAZA

As persoas solicitantes que, tras obter praza desexen renunciar a ela antes de ter realizado o ingreso da cota da matrícula, deberán comunicalo por teléfono ao nº [986 65 81 26](tel:986658126) ou por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico animacion@concellodesalvaterra.org antes do día 14 de xuño de 2024.

En caso de faltar máis de tres veces ao campus sen causa xustificada, o/a neno/a quedará fóra do campamento, pasando a obter praza o/a neno/a que corresponda da lista de espera neste caso non se devolverá o diñeiro.

12.- DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

Unha vez realizada a inscrición e o correspondente abono para participar na actividade, se o neno/a non acude, só procederá á devolución do importe ingresado se se xustifica con



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

anterioridade ao inicio do campamento e por causa debidamente xustificada, en ambos casos previa presentación de solicitude. En caso contrario non procederá á devolución do importe.

En caso de faltar máis de tres veces ao campamento sen causa xustificada, o neno quedará fóra do campamento, e non se lle devolverá o importe do campamento.

13.- MATERIAL:

Os nenos traerán mochila (co nome), gorra (co nome), auga, merenda (o que toque no calendario de merendas que se lles facilitará o primeiro día) e virán con crema xa aplicada na casa.

No caso de actividades de auga: traer toalla de praia, traxe de baño e calzado de auga (a poder ser que suxeiten ou pé por diante e por detrás).

Non se permiten aparellos electrónicos de ningunha índole. A organización non se responsabiliza de extravíos, roubos ou deterioración. De ser detectados, seranlle retirados ata a saída da actividade.

14.- PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE

As bases para o campamento da presente convocatoria se atopan, no taboleiro de anuncios do Concello de Salvaterra e na páxina Web do Concello e redes sociais.